



## UNHA VIAXE DIDÁCTICA

OS PEQUENOS INVESTIGAN  
PARADA DE SIL



CONCELLO DE PARADA DE SIL

Praza do Campo da Feira Nº1  
32740 Parada de Sil (Ourense)  
T. +34 988 208010

[www.paradadesil.es](http://www.paradadesil.es)



Diseño / [www.meljlimon.com](http://www.meljlimon.com)

# SANTA CRISTINA DE RIBAS DE SIL


# RIBEIRA SACRA

Estás nun souto, bosque de castiñeiro (o bosque de Merilán), nunha zona chamada Ribeira Sacra.

**Por que ten o nome Ribeira Sacra? Sabes que estás nunha zona declarada LIC? Que e iso? Cantas cousas producen estas árbores centenarias?**

Estás ao lado do río Sil, un río vello. Se podes achégate ao río Mao, ese é coma ti un río novo.

**Sabes que é un río vello? Por que o río Mao é novo?**



# IGREXA E MOSTEIRO

O Mosteiro, un dos máis importantes desta zona na Idade Media, foi construído no século XII e foi declarado BIC, non un bolígrafo, un Ben de Interese Cultural.

**Que é un mosteiro? Como se subirían as pedras? Ves que as pedras están cortadas en bloques regulares, como se chaman?**

Aquí vivían "os monxes beneditinos", que realizaron un gran labor agrícola e tiñan moito poder na sociedade rural.


**Distingues monxes de cregos? Terían que pagarles os campesiños rendas en cartos ou en viño, castañas, pitas e peixes?**

O arco de entrada ao claustro parece unha xoia labrada por un artesán decorada con grandes follas de col e figuras.

**Que figuras ves se estás debaixo do arco? Sabes que significan?**

A igrexa é o lugar más importante, achega os monxes a Deus. O espazo é pechado, macizo e con ventás pequenas.

**Fíxate no claustro e compárao coa igrexa. Poderías enumerar diferenzas? Cal sería a función do claustro?**



A igrexa é un expoñente da arquitectura románica galega.

**Que forma ten a súa planta? Podes comparala cunha cruz? Cantas naves ves?**

A cabeceira, parte oposta á entrada, está orientada cara ao leste, por onde penetra a luz da mañá.

**Como cres que se chaman as capelas que hai na cabeceira?**

Mira por fóra e verás moitas pequenas figuras que xunto ás que hai nos chapiteis serven para ensinarlle á xente verdades da fe cristiá e vicios ou pecados.

**Poderías atopar algúna? En diversas partes do mosteiro, portada, ventás e columnas ves algo que che recorde o xadrez?**

A portada ten tres arcos semicirculares concéntricos (de medio punto) e más arriba hai unha ventá redonda (rosetón) moi bonita.

**Sabes como se chaman os arcos? A que che fan recordar as formas caladas do rosetón?**

